



ALBERTO GARCÍA FERREIRO



# FOLLAS

DE

# PAPEL



MADRID

IMPRENTA Y FUNDICIÓN DE M. TELLO

Don Evaristo, 8

1892

ACADEMIA  
GALICIA  
CORUÑA

819

teca



la



*J* *Gale*  
ALBERTO GARCÍA FERREIRO

FOLLAS DE PAPEL

REAL ACADEMIA  
GALLEGA  
LA CORUÑA

16319

Biblioteca

MADRID

IMPRESA Y FUNDICIÓN DE M. TELLO

IMPRESOR DE CÁMARA DE S. M.


Don Evaristo, 8

1892



*É propiedá d'o autor.  
Dereitos reservados.*





## 'OS MEUS

Quen xugou con *volveletas*  
e *chorimas* foi coller,  
xa non ten, pra regalarvos,  
máis que... *follas de papel*.

Follas, qu'o vento d'outono  
fixo d'a pruma caer,  
e que, pra vos, n-este libro,  
soilo pra vos axuntei.

Cand'as puxen en ringleira,  
dixen: han de ser pr'ôs *meus*;  
pr'os meus pais, e pr'os meus fillos,  
pr'os hirmaus e pr'a muller.

ALBERTO.

15 de Xaneiro de 1892.







## ¡BENITO LOSADA!

Vello d'os *Soaces*,  
pra tí non houbo  
nin elexías,  
nin requilorios.  
Tres pes de terra,  
catro responsos,  
dous hisopazos  
y-â campa o morto...  
¡Millor! ¡Dios queira  
che preste o sono!

D'eiquí a dous sigros  
—¡e non é moito!—  
cando non queden  
xiquera os hosos,  
si co-a sua tumba  
certa un arqueólogo,  
virán, n-as cinsas  
d'o autor d'os *contos*,  
fozal-os netos  
d'os netos nosos...


¡Millor! ¡Dios queira  
che preste o sono!



¡Qué ben librache!  
 Pra tí non houbo  
 nin elexías,  
 nin requilorios,  
 nin lagrimexos  
 feitos a torno.  
 Campás d'aldea  
 fieles che foron,  
 por tí dobrando  
 con toques roucos;  
 y-os ceos d'o Ulla,  
 sempre piadosos,  
 si non vestiron  
 —pardos e foscos—  
 por tí, de luto,  
 faltoulles pouco...

¿Qué máis querías  
 vello d'os *contos*?

¡Qué ben librache!  
 Pra tí non houbo  
 golpe d'incenso  
 nin mau de bombo.  
 ¡Non t'abouxaron  
 fagós gangosos,  
 ni-en tí verteron  
 chuvia de tropos,  
 fúnebres vates  
 de pleutro mouro!  
 Duas ringuileiras  
 n-algún periódico:






—«Morreu Losada;  
¡Dios lle dé acollo!»—  
foi tod'a pompa  
qu'eiquí, entr'os nosos,  
tuvo o petrucio  
groria d'Apolo,  
cando pra sempre  
pegou n-o sono...

¡Terra maldita,  
terra de lobos,  
qu'aldrax'òs vivos  
y-esquece òs mortos!







## ¡EIQUÍ!

N-este legre corruncho de frores  
qu'ensombrizan os mechos vidueiros,  
adoitab'eu contarll'os meus dores  
con layos sinceiros,  
òs ceos azules  
y-òs pardos xilgueiros...

¡Eles soilos-os ceos y-os paxaros-  
os meus tristes acoros sabían!  
¡Eles soilos gardaban avaros  
as queixas qu'ouían!  
Os meus y-os seus loitos  
¡qué ben acaían!







## TARXETA POSTAL

(’O DR. JHON FASTENRATH, EN COLONIA)

### I

’A tua carta, qu’agradezo  
com’eu sei agradecer,  
non poden—non foi esquezo—  
máis axiña responder.

Hoxe, que de novo a lin,  
d’as tuas mercedes deudor  
véndome, dixen pra min:  
hox’esquírboll’ô doutor.

Doutor, que franco e sinceiro,  
send’alemán, dí, acolá,  
que viv’en pobo estranxeiro  
si n-o noso non está;

E que, como nós, o dor  
sinte d’a patria, c’o mesmo  
frebil e cego quentor,  
e con igual patriotismo.



Doutor, qu'ô hispánico xenio,  
pra que nadie o deix'atrás,  
dalle púbrico e proscenio  
n-os teatros alemás;

Qu'enteira poñend'a alma  
cand'esquirbe, n-o papel,  
ò qu'eiquí gan'unha palma  
cóbreo acolá de lourel;


Y-en fin, que soupo con maña,  
namorado d'este sol,  
vir buscar muller a España  
por pedirlla... a un español.

## II

Con verba, onde se retrata  
s'amor si, tamén xusticia,  
taciña xentil de prata  
dis que somella Galicia.

E parésceme, escoitando  
a tua voz, d'orgulo cego,  
qu'ô falar estás bicando  
as lousas d'o lar gallego.

Tí o pensamento viñeche  
temprar n-o seu sol de fogo,  
y-ô marchar, non-os dixech  
¡adios!, sinón ¡hastra logo!



Tí, ô sentir d'os nosos ceos  
a maunética atraución,  
levaches, de bágoas cheos,  
os ollos y-o corazón;

Y-escramache, ô vel-a diosa  
enterrada n-o fangal:  
¡por qué, sendo tan hermosa,  
te tratan, muller, tan mal!

## III

Tí, qu'ôs meus amores amas,  
xa por hirmau eres tido;  
cháman'hirmau, que non chamas  
en lar desagradecido;

Y-a tua carta lisonxeira  
—dand'as *frores* por non vistas—  
sexa, doutor, a bandeira  
de paz entre dous artistas.

Adiós; a Virxen te garde,  
e perdón si t'enoxei;  
qu'ô fin, anque mal e tarde,  
contestar, che contestei.











\*  
\* \*

Cando loites, frent'a frente,  
corazón con corazón;  
qu' é máis nobre que ser sapo  
ser león.








## D'O CEO Â LAMA

Â JOSÉ MARTÍNEZ FONTENLA

Onte frores lles botaban  
âs artistas,  
n-os teatros, de luz cheos,  
y-armunías;  
e hoxe tíranll'âs táboas  
—non dan, *tiran*—  
un bulsón de pesos duros  
de limosna... ou de propina.

Que por algo chámanll'hoxe  
tú por tú, *señá* Thalía,  
a quen onte tiña trono,  
cetro, pazo, corte... e *Indias*;  
e hoxe, roda que te roda,  
xa sin creto, casa en ruina,  
and'en tratos con toreiros,  
vai d'esmorga, bebe *tintas*,  
fala en chulo, solta tacos,  
fuma puro, e ten... *cartilla*.







\*  
\* \*

Cada ola que, n-as bordas,  
escachízase, brüando,  
é un peligro xa corrido  
que trae outro aparelado;  
un asesino qu'a outro  
asesino ll'abre paso...

¡Cántas nais pensan a un tempo  
n-os marinos e n-os barcos,  
n-esas noites en qu'os arbres  
cán â terra desgallados!







¡ALA, XA!

Á ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

N-a sábana verde  
d'as follas d'a viña,  
somellan as uvas  
pingotas de tinta...  
Cicais se verteron  
alá, dend'enriba,  
d'o *corno* d'un ánxel  
qu'á Dios ll'esquirbía.  
X'o vrau temos fora;  
x'as rolas emigran;  
¡xa a xente tolea  
pensando n-a pinga!

¡Rapaces, culeiros,  
e vamos axiña!

'As cubas, rolándoas,  
refrésanll'as tripas,  
e ráñanll'as tempas  
y-o sarro lles tiran,  
y-entálanll'os tufos



y-apértanll'as billas...  
 ¡Si o viño botasen,  
 qué perda sería!


¡Rapaces, culeiros,  
 e vamos axiña!

Tapádal-as fendas  
 con pez derretida,  
 gargal ensebado,  
 n-o tufo a cortiza,  
 n-a boca a moxega  
 y-as forras metidas,  
 n-o altar d'os canteiros,  
 d'as outras en ringla,  
 por baix'o sofique  
 y-a tapa por riba,  
 x'está, n-o seu canto,  
 tan fresca e tan limpa,  
 a reina d'as cubas,  
 ¡a cuba de *trinta!*

¡Qué ventre! ¡qu'illargas!  
 ¡qué fol n-a barriga!  
 ¡Parés unha priora  
 qu'está de cucrillas!

¡Rapaces, culeiros,  
 e vamos axiña!

Verdellos, bastardos,  
 cumbraos e tintillas,





dobrand'as bicadas  
almibres destilan.  
¡Qué bagos tan grosos,  
qué pel tan brandiña,  
qué cheiro, qué zucre,  
qué cousa máis rica!  
¡Demoro d'avésporas  
e cómo ch'o pican!  
¡Aposto a que sodes  
tamén socialistas,  
y-as cepas queredes  
poñer en partixa!

Rapaces, culeiros;  
¡xa veu a vendima!

Buscad'as ganchelas  
e vamos axiña  
coller, entre todos,  
un queipo d'albilla.  
¡Pr'encolga, non nasce  
canela máis fina!

Y-alá van as nenas  
d'o brazo collidas,  
batendo n-os cestos,  
ceibando cantigas;  
¡bandada de pegas  
que cae sobr'a viña!  
Os páxaros, tolos  
cicais de legría,  
por vel-o rubumbio




qu'armou a vendima,  
 parés qu'enrouquecen  
 d'o moito que chilran;  
 (¡asús, o qué berran!  
 ¡qu'arrechouchería!)  
 y-o sol, que n-as nubes  
 rebúxas'aínda,  
 desperta—qu'o abouxan  
 as aves que chian—  
 alcend'as guedellas,  
 o corpo estarrica,  
 y-ollando, n-os eidos,  
 âs mozas garridas  
 que rin e trasfegan,  
 e choutan e chimpan  
 os graus de topacio  
 qu'as parras lles brindan,  
 sin tempo xiquera  
 pra pór a camisa,  
 âs frores, âs selvias  
 y-âs nenas bunitas,  
 n-un fiaño de fogo  
 lles manda os *bos días*...

E van os carretos  
 d'a cuba pr'a viña,  
 d'a viña pr'a cuba,  
 sarilla e sarilla;  
 e xa ven a noite  
 botándos' encima,  
 y-os vermes de lume  
 relocen n-as silvas,



e cán, n-as lareiras,  
montañas de piñas,  
y-â veira d'os potes  
os bancos s'arriman,  
e quéntans'os vellos  
y-as vellas rastrillan,  
y-os mozos desgranan  
canastras d'espigas,  
y-as mozas, namentres,  
parolan e fían...

Xa volven as nenas  
d'o brazo collidas,  
batendo n-os cestos,  
ceibando cantigas;  
¡bandada de cruxas  
que cae n-as cucañas!  
Xa ferven as papas;  
x'as meigas rebrincan  
aló, entr'o bagazo,  
n-o fondo d'as pipas;  
xa o pote escachoa  
sin sal nin fariña.  
Gró, gró... ¡cómo fungan  
os porcos n-a pía!  
—¡Eiquí, qu'ésta borda!  
—¿Qué fas, que n'enviñas?  
—Sangrad'esa cuba;  
barcales arriba;  
tí, morros de besta,  
¿non ves que se cisca?  
Y-o Adán, patexando



n-a cuba de *trinta*,  
en caldo bermello  
cunvirt'as tintillas,  
e sai d'a tinalla  
máis roxo qu'as guindas.

X'está o viño feito;  
¡San Brás o bendiga!  
Agora que veñan  
trebós e invernías...  
Rapaces, ¿queredes  
botar unha pinga?






## DENDE LONXE...

Paresce o castro un altar,  
y-o val, coberto de frores,  
a casula de coores  
qu'o crego pon pra misar.


E paresce aquel enxuto  
y-encanixado piñeiro,  
o pompón qu'aquel outeiro  
ten n-o kepis d'o curuto.







S'as ilusiós y-as espranzas  
pudesen valer diñeiro,  
fora Rostchild, ô meu lado,  
sinón probe, pouco menos.










\*  
\* \*

¡Queira Dios qu'os que te berran  
    *¡Surge et ambula!*  
te desperten d'ese sono  
qu'empezou e non acaba!  
¡Queira Dios, qu'òs qu'a tua veira,  
bendecíndote, te chaman,  
lles respondas, cumpasiva,  
c'unh'aperta ou c'unh'ollada!  
¡Queira Dios que pases, noite;  
queira Dios que chegues, alba;  
queira Dios que, co-eses berros,  
en tí volvas, miña patria,  
e lles des, co-a tua bandeira,  
sombra amiga ós que batallan!







'O POETA PORTUGUÉS

## GUERRA JUNQUEIRO

'O *camarada* ll'os deche  
Vítor Hugo lusitano,  
y-o teu camarada tenos  
ben lidos y-adimirados.  
Así, como tú fixeche,  
hay qu'azoutal-o pecado;  
co-esa rabia, co-es'empuxe,  
e con eses latigazos.  
A virtú, qu'a media noite,  
sixilosa sai d'o pazo,  
pr'escaparse, de braceiro,  
c'o ladrón ou c'o villano;  
é, logo, a esprendent'*Imperia* (1),  
n-o seu leito de pausanto  
cospindo n-as grandes cruces  
e n-os frás d'os cortesanos;  
despois, a carne que busca  
o cautéreo d'o nitrato  
n-o hespital, y-o fin, n-o arroyo,


(1) Nome d'un d'os persoaxes d'o poema *A morte de Don Xoao*



úrpera con corpo humano  
 que pús e fedor n-as calles  
 por qué pasa vai deixando,  
 e que fan rolar n-as pedras  
 a pontapés os soldados...

¡Así s'encoroza o vicio!  
 ¡Así se restala o látego!

Y-o Tenorio, o sedutor,  
 ese Don Xan perdulario  
 que, n-os salós e n-as ruas,  
 anda con nós a codazos;  
 bandido que cingu'espada  
 e loce tres entorchados,  
 ou pon a toga ôs homeiros  
 ou lé latis n-o Breviario;  
 ese *lipendi* noxoso  
 que rub'ô ceo n-o teatro  
 de Zorrilla, e n-as estrofas  
 d'a epopeya de Lord Byron;  
 o granuxa con veneiras  
 ou con boina, ciudadano  
 que ten dereitos civís  
 e pasa por home honrado,  
 que s'achispa n-o casino  
 ou sai d'o figón borracho;  
 qu'abr'as portas con ganzúa  
 y-entra n-o lar por escalo,  
 y-o mesmo que si furtase  
 as hósteas d'o tabernáculo,  
 furta a virtud'ond'atopa



e d'o lar lixa o sagrario;  
quen queira que sexa, prócer,  
crego, alferes, buticario,  
con tricórneo ou solideo,  
con dalmática ou con hábitos,  
é o canalla, que, n-as follas  
d'o teu libro, encanallado  
e feito esterco, divirte  
rameiras e presidarios,  
e vai morrer, podre e cego,  
cheo de costras e d'andraxos,  
ô pe d'Imperia, revoltos  
carne e carne, femia e macho,  
en montón, ond'a epileupsia  
lles fai dar o último abrazo,  
y-o último bico enfame,  
bico non, escupitaxo...


¡Así se fraxela o vicio  
e debe morrer *Don Joao!*  
¡Así cán as Margaritas  
y-os Romeos y-os Leandros,  
dend'o alcázar â picota,  
dend'o firmamento... ô charco!

Eu adimiro as centelas  
d'o teu estilo asiático,  
y-as imaxes, que se ven  
rebrilar como relampos;  
per'ainda máis me seduces  
que por xenio, por honrado,



por apóstol que por poeta,  
por bó que por literato.

Si n-a *Velhice* m'abraya  
o teu estro martillando  
n-a fe, que d'o Sinaí  
vai, a tentas, ô Calvario,  
y-o martillar, nin me moves  
o corazón nin t'apraudo;  
cando Xuvenal te mostras  
Vítor Hugo lusitano,  
e d'a xusticia y-o dreito  
eres campeón ispirado,  
eu, qu'inoiro si é qu'esquirbes  
ou disparas cañonazos,  
tampouco sei si n-a mau  
tel-a pruma ou tel-o rayo...






## MENSAXE

Maino vento d'a montaña  
qu'ô bulir acaloumiñas  
âs xentís avelaiñas  
qu'ensexamean pol-o ar;  
d'a sua boca, berce d'ánxel  
que, n-as veiras, ten pousados  
dous cravés ensanguentados,  
furta un bico, e traimo acá.

E si ô vir, as volvoretas  
envexosas d'o teu roubo,  
voltexaran sin acoubo  
xunt'a tí, pra ch'o tirar,  
gard'o bico ben gardado  
maino vento, n-o teu seo,  
qu'eu relouco en lar alleo  
de soedades... ¡e son pai!










\*  
\* \*

Porque rubises â torre  
e n-a torre estés, non tires  
pedras ôs qu'están debaixo,  
tí soberbo, eles homildes...

Cazador d'ollo certoiro,  
mau súpeta e pulso firme,  
o mesmo mata un pardao  
si lle peta, qu'un buítre.









\*  
\* \*

Murch'o campo, o ceo sombrizo  
trist'a alma, trist'o val...  
¡Primaveira, cánto tardas  
en chegar!







\*  
\* \*

Vírono gatexar pol-a montaña,  
y-entr'o fumo d'a pólvora,  
cravar n-o picuruto unha bandeira  
de pregues gualdas e de franxas roxas.

¡Non se soupo máis d'él! Acribilado  
a balazos caíu, morto sin gloria,  
héroe sin lauro, trunfador sin nome,  
soldado d'o montón, X d'a tropa...







DIANT'UNHA BOTELLA


D' «AUGA DE MONDARIZ»

Á MODESTO FERNÁNDEZ Y GONZÁLEZ

Auga d'a fonte d'a Virxe,  
cómo, sendo tan aceda,  
entr'espadas te crías  
e nasces entr'alboredas,  
carón d'esas picurutos  
y-ô pe d'esas espaldeiras,  
ond'o sol, si quer bicarte,  
ten que furar—ou non chega  
ond'a tí, co-as suas rayolas,  
por ben qu'estarriqu'a testa,—  
mantos de nubes douradas,  
tapices d'enredadeiras,  
cortinaxes de xazmís,  
pabellós de madreseivias?  
Auga d'a fonte d'a Virxe,  
tí por forza n-es gallega.  
¿Queres sucre? ¿Non tés boca  
pra llo pedir ás avellas  
qu'andan, roxe que te roxe,  
xunt'a tí pol-as silveiras?  
¿Queres gracia? Dill'ás mozas  
qu'enfeitizan esas veigas,



ou, pra millor obrigalas,  
 pídello co-as maus dereitas,  
 qu'unque sexa de limosna  
 que che cuspan n-a fontela.  
 ¿Queres cheirar com'as frores?  
 Pois arrímate a esas nenas...  
 ¡verás qué cheiro lles sale  
 d'os xustillos, a reseda!  
 ¿Cheirarás ôs hovos podres  
 por vivir entr'a nobreza,  
 e por andar tan metida  
 entr'a *goma* y-entr'a *crema*?  
 Tí nasciche por milagre  
 y-así násceche calquera.  
 ¿Cóm'has ser paisana miña  
 si non che gustan as berzas?  
 Tí soilo sabes encherte  
 de *foie gras* e de *mortadella*,  
 y-andar, c'o bicarbonato,  
 retellando casas vellas.  
 En Galicia non ch'hay choyos  
 pra tí; faite madrileña,  
 ou, si queres ter máis rumbo,  
 vai facerte *parisiensa*,  
 si non te toman por viño  
 cando pásel-a fronteira,  
 e non che baten n-o cú,  
 —falo d'o *cú* d'a botella—  
 co-as *tarifas*, pra que soltes  
*tres francos*, ¡*cinco pesetas*!,  
 qu'eso d'o cambio, xa sabes  
 que rubíu, que, n-esta terra,







todos rubimos a *Coses*  
y-a Xás Conchas Castañedas!  
Eiquí, por moito que sudas,  
n'has d'atopal-a *dispepsia*,  
que ch'é mal de xente grosa  
e d'homes fartos dolenza;  
y-hay que lapar moito *aspic*,  
moita *trufa* e moitas eguas,  
(qu'hay por ahí ¡cada pavo  
*trufee* que gastou colleira!),  
pra ter ese mal metido  
n-as xuntas d'as entretelas.

Que che den unha *gran cruz*  
—xa non hay quen non-a teña,—  
e xa que brasós che sobran  
e non che falta influenza,  
que te metan n-o Rial Pazo  
d'azafata xunt â reina.

Y-adiós fonte, fonteliña,  
font'amarga, font'aceda.  
Xa qu'en Galicia nasciche,  
si non te vas, e te quedas,  
terémost'eiquí por lástema;  
beber, que te beban elas...  
as mulleres d'os viscondes  
y-as fillas d'as viscondesas.









\*  
\* \*

Si será maxeza a tua  
e qué porte non terás,  
qu'hastr'o alciprés, cando pasas,  
com'o probe non ten maus,  
torcend'as gallas d'a punta  
fai un *ese* car'ô chau,  
pra saudarte, miña rola,  
con saúdo militar,  
com'ôs cabos os pistolos  
y-o sarxento ô capitán.









\*  
\* \*

Eu non sei ónde caíron  
tantos graus que sementei;  
funos ciscand'a maus cheas...  
¡e non-os vin frorecer!







## INVERNO

Á JOSÉ TARRÍO


Brúa o trebón; agurgullant'o río  
d'a carballeir'ôs melros espaxota;  
todo treme c'o frío:  
Dios n-o ceo, a garduña n-a cañota.

Brúa o trebón; enzarrapic'a pruma  
o páxaro n-o illó, y-a lebre encama,  
e síntes'ò reúma  
patexar, dando choutos, entr'a lama...












\*  
\* \*

Co-ese mal, non lle des voltas,  
non ch'han d'atinal-os médecos;  
telo n-a alma, y-a alma  
non ch'ha poden ver c'o espéculo.







'O MEU PAISANO

## O PINTOR PARADA JUSTEL

Cand'eses teus pensamentos,  
fósforo hoxe n-o teu cráneo,  
sexan coor n-a paleta,  
luz n-o pincel, sol n-o coadro;  
eu, que vin estremecerse  
os teus nervos axitados,  
e d'o talento a fogueira  
crepitar baix'os teus párpados;  
eu, qu'ollándote ferido  
âs veces, ou esmayado,  
che berrei: ¡adiant'artista,  
busca gloria e busc'aprausos;  
cando trunfes, hei de ser  
quen che dé o primeir'abrazo,  
e che faga, con ruis trovas,  
un mal bioche pr'os teus lauros,  
e quen poña sobr'o peito  
d'o soldado,  
un lourel onde ll'encolguen  
a gran cruz de San Fernando.








\*  
\* \*

Trinta casas, ¡y-eso, vellas!,  
todas cor de pardomonte,  
con pizarra en vez de tellas,  
c'un regato en vez de fonte.

¿Tí non sabes qu'asomellas  
Outeiriño de Baldonte?  
Non un pobo, trinta ovellas  
qu'andan soltas pol-o monte...







\*  
\* \*

Non veñas choromiscando,  
e cala, e límpat'os ollos,  
que, como dixo un forneiro,  
meu amigo, pol-o entroido,  
lev'o demo si con auga...  
che se quenta ningún forno.










\* (I)  
\* \*

Xa lles tece coroas ós seus fillos,  
xa sabe, como nay, ser nay amante,  
xa non deix'ós seus mortos insepultos  
n-o campo de combate,  
relampadol-os ollos, e cobertas  
as túnecas de sangue...

Xa ten, com'Artemisa pra Mausolo,  
pr'os teus hosos, muller, mármor que darlles;  
xa temos patria nós; tí nol-a deche,  
¡tí, qu'estes ermos en xardís trocache!

Reiseñol inmortal d'as *Follas novas*,  
resocita pra vel-o teu milagre:  
¡un pobo de rudillas  
diant'a autora d'un libro... de *cantares!*

(I) N-a traslación d'as cinsas de Rosalía Castro, dend'o cemiterio d'Iria Fravia, ô mausoleo de Santo Domingo, en Santiago.








## ¡PACENCIA!

Á JUAN M. PAZ NOVOA

Que por portas te deixaron,  
que nin casa nin rastreves  
che quedaron ond'o fisco  
non lles fose dar c'o dente;  
que non tés onde deitarte  
nin sustén con que manterte,  
e qu'os teus fillos, en coiros,  
pol-o pobo van e veñen;  
que ch'está muller â morte,  
que xa non tés quen ch'empreste,  
que non sales ôs camiños  
roubar, porque non t'estreves...

¡Y-a min que me contas, home,  
s'eu non teño que facerche!  
Cóntall'ô neno d'a bola  
ou ô... neno d'a Rexente,  
que ten, a conta d'os probes,  
leito d'ouro, bos manteles,  
mesa posta, casa paga,  
e dez millós... pra xoguetes.









\*  
\* \*

Ou non volvas â emparrada  
ou, por moito que t'empenes,  
vas levar unha zoupada;  
¡qu'ond'hay vísporas solenes  
ten qu'haber... misa cantada!







## MANCHA DE COOR

Á AURELIO RIBALTA

Os dous, ¡dous anxos d'o ceo!,  
engruñados e xuntiños  
n-aquela calle deserta,  
n-aquel escuro pustigo,  
embrullándose n-a roupa  
y-estorcéndose c'o frío...


Hirmaus os dous, e xemelos  
os probes, ôs dous o vicio  
—nay borracha, e pai malvado—  
non-os enxendrou, cospiunos.  
Y-alí están, c'os pes n-a neve,  
esfamiados y-entumidos,  
como dous páxaros novos  
que d'o nidal se caíron...

Parrandas, pasai agosto,  
tende tino;  
non trepedes a eses probes  
paxariños...










## 'O MONTE DON NUÑO VOU...

Á ANTONIO SÁNCHEZ PÉREZ

    Esperto c'o día,  
    levántom'apresa,  
    dispoñ'os cartuchos  
    e limpo a escopeta,  
    que, non despreciando,  
    mism'é de primeira;  
    *Lancáster* ¡e nova!  
    ¡val tod'o que pesa!  
    'O pór as polainas  
    xa brinc'a cadela,  
    choutando, gruñindo,  
    laméndom'as pernas.  
    Millores narices  
    que ten miña *Tea*,  
    non hay n-a Coruña  
    nin en Pontevedra,  
    n'Ourense, nin Lugo,  
    cachorra qu'as teña.  
    ¡E pes! ¿Ond'hay zorro  
    que corra com'ela?  
    ¡Qué modo máis fino  
    de porse de moestra!  
    ¡Parés qu-ás perdices  
    co-as patas lles chega!  
    C'un pión hubo día




d'andar catro légoas,  
y-ond'ela se para  
parous'unha pedra.  
¡O qu'ela rebusca  
y-o qu'ela montea,  
y-o qu'ela aduana  
y-o qu'ela trasfega,  
y-o qu'ela non corre  
y-o qu'ela non cheira!  
¡Perdís qu'ela poña  
nin posta en cunserva!

Febillo a canana,  
remexo a lacena,  
¡y-â bolsa con todo!  
chourizos e freba,  
xamón e pantrigo  
turtilla é vitela.  
E logo tres netos  
d'aquel que chispea  
n'aquel pipotiño  
qu'está mism'â veira  
d'a porta d'a groria,  
non, non, d'a bodega.  
Si gustan, estalles  
ô entrar, â dereita.  
Ten arcos pintados...  
¡por falta de señas!  
Tres netos, e gracias,  
qu'a bota é pequena,  
qu'eu máis lle botase  
si máis lle couperan.



X'están porparados  
Nenrod y-a cadela.  
N-o monte, é seguro,  
non queda unha peza.

Si xiou pol-a noite  
y-está á mañá fresca,  
qué cheiros saudabres  
s'espallan d'a terra!  
¡Qué bágoas n-as follas  
d'os arbres, qué pelras  
(son pingas d'orballo;  
non son d'as de Zeilan)  
aló, n-as chorimas,  
y-acá, n-as carqueixas!  
O sol, ¡con qué brilos  
refulxe n-a serra!  
¡Qué nubes tan roxas,  
qué vérdel-as herbas,  
qu'atmosfra tan limpa  
qué campas tan meigas!  
(¡Qu'é esto, son copras  
ou é unh'almoeda?)  
Eiquí d'os pintores  
y-eiquí d'os poetas,  
c'un feixe de tropos  
e un carro de siena,  
c'un saco de prumas  
e seis de paletas;  
eiquí, qu'hay idílios  
a bau, y-acoarelas  
debaixo d'as fopas,



n-as alas d'as pegas,  
 n-o musgo d'os coyos,  
 n-o manto d'a néboa,  
 n-o arrulo d'as rolas,  
 n-as cofias d'as nenas,  
 n-as cántigas tristes  
 d'a xente labrega,  
 qu'almorza con bica  
 e xanta con berzas,  
 e cea... con aire,  
 que non s'indixesta.

¡Adiol-a cazata!  
 Soltárons'as rendas,  
 y-ahí vas, miña musa,  
 crebal-as costelas...  
 ¿Qué teño eu c'os probes  
 que viven n-a aldea?  
 Si xantan, que xanten,  
 que ceen si cean,  
 si morren... s'hay cartos  
 non faltan *requiescats*.

Andando; xa é hora,  
 y-alá, xunt'as hedras,  
 vin onte unha lebre  
 com'unha sobreira.  
 Andando; xa puxen  
 n-o falso a escopeta.  
 ¡O campo, don Nuño!  
*Uif, uif, ¡eiquí, Tea!*









.....

Quen s'empena n-esas loitas  
si é vencido, queda honrado,  
qu'os loureles non se ganan  
nin a paus nin a trompazos;  
e quen quer locil-as forzas  
vai locilas ôs ximnasios,  
erguendo, de ferro en bruto,  
tres quintás con cada brazo.








.....

Sanm'os cores às meixelas  
cando falan d'a xusticia.

¡Deb'a probe  
estar feita... unha perdida!

¿Será certo qu'as tuas pesas  
hoxe en día,  
sirven pra pesal-os cartos  
que che dan os que litixian?  
¿Será certo qu'hay quen vende  
mal letrado e ruin usía,  
birrete, bastón de bolras  
e sentencias a *tres pitas*?

Si a tanto baldón chegache,  
y-a tan noxosa inominia,  
qu'abriche *tenda de fallos*,  
¿por qué non pagas *matrícula*?










\*  
\* \*

¡Non chores! ¿Choraches onte  
n-os penascos de Medulio,  
e n-as ribeiras d'o Lethes,  
e n-as muralas de Lugo?  
¿Fuche chorar â Frouseira  
sobr'os coartelos d'o escudo  
d'o *Mariscal* que, n-a forca,  
morreu mártir d'o teu culto?  
¿Chorache con Cachamuíña  
frent'ô francés, entr'o fumo  
d'a pólvora d'o combate,  
sobr'as pedras d'os sepulcros?  
¿Chorache con Méndez Núñez  
n-o Perú, cand'alá fumos,  
ou con Valiñas n-os coutos  
nevados de Monte Muro?

Si non choraches n-as guerras  
non poñas panos de luto;  
quen non tremeu diant'as balas  
non treme diant'o verdugo.







## ¡MENTEN!

¿Que xa podemos levantal-as tendas  
e partil-o botín? ¡Ben s'aquivocan!  
¡Inda tés moito que labrar, picarro,  
inda tés moito que barrer, basoira!  
Quen as festas cantou, que cante o dreito,  
e quen cantou a paz que cant'a loita;  
¿quén se deita n-o chau si non acaba  
unha de se librar y-empeza outra?  
¡Cantai, cantai, hastra que pas'a noite  
e veñ'o sol c'o rebrilar d'a aurora!

¡Mal te queren algús! Cuase n-o berce  
probiña, estás, e xa te dan por morta;  
a ti que diante tés—mar sin orelas—  
xuventú, libertá, porvir e groria.

O empeno é nobre, e xusticieir'a causa,  
longo o camiño y-empinad'a costa;  
o desertar é aldraxe,  
o combatir hastra morrer é honra.  
¡Canto máis combatades, con máis xúbilo  
cantaredes viutoria!








\*  
\* \*

A libertá enferrollada  
e n-as mazmorras metida,  
a xusticia malvendida  
y-a dinidá mal pagada.  
Sai de noite xente honrada  
d'o coartel pr'ô campamento;  
y-axordan, rachand'o vento,  
—o loitar nobres con *viles*—  
os estrondos d'os fosiles  
â manceba d'un sarxento.

.....  
Mosteiro de San Martín,  
n-a tua mole, triste e longa,  
deulles cárcer Villalonga  
ôs vendidos por Rubín.  
S'un foi tigre, outro Caín,  
s'este cobra, aquél chacal;  
y-os dous xuntos, en Carral,  
rubricand'o fallo indino,  
un, traidor; outro... asesino  
con galós de xeneral!








.....

Ind'onte era a gala  
c'o sol d'os cabelos,  
co-a noite d'os ollos,  
co-as rosas d'os beizos,  
d os pais, qu'ô mirala,  
quedábanse lelos...  
¡S'aquelo era un ánxel,  
un ánxel d'o ceo!

Colleuna o solano,  
chamaron un médeco...  
¡Qu'axiña se morren  
as froles y-os nenos!









\*  
\* \*

Fíxome rir aquel crego  
ô decirl'ô sancristán,  
estand'os dous porparando  
n-a parroquia d'un lugar,  
os altares y-as imaxes  
pra unha festa patronal:  
—Baixa a San Pedro d'alí,  
pon eiquí a San Xulián,  
lev'ô camarín a Virxe,  
bota a San Roque ei detrás  
y-apégalle, con engrudo,  
as narices a San Juan.  
Non t'esquezas de cravarlle  
o brazo a Santo Tomás,  
y-anda agustiño c'o palio,  
non m'o vayas amocar.  
Quero qu'estén *todos eses*  
(dixo, acenando co-a mau  
car'ôs santos) ben compostos  
sin remedio, pra mañá.  
Toma, ponl'eso a San Roque...



¿Qué miras, lapón? É o can,  
qu'o levei pra porlle un rabo  
pois soilo tiña metá;  
rube, y-encólgallo axiña,  
¡non me tires c'o misal!






\*  
\* \*

Non teñas celos de min;  
ardendo, por tí, d'amores,  
cando fumos ô xardín  
nantronte, total-as frores  
que collimos non ch'as din?

En cada mata, d'un corte  
dous montós; si os crisantemos  
deixamos, foi porqu'â morte  
lle gustan, y-entón dixemos:  
a eses, ¡que os queim'o Norte!...








## Á CONCEPCIÓN ARENAL

Gallega te fixo Dios,  
o teu berce puxo eiquí,  
y-en Europa, ben de tí  
falan todos, menos nós.

Nós, qu'en ruin esquecemento,  
nin n-as sies che pomos hedras,  
nin mercamos catro pedras  
pra facerche un monumento;

Nós, que por sino fatal,  
—nave que se vai a pique—  
a cada zafio cacique  
erguémosll'un pedestal;

Nós, que co-a roupa en farrapos,  
pomos tod'a nosa pres  
en andar lamendo pes  
y-en cunvertirnos en sapos;




Nós que, sin lei nin razón,  
un ídolo ô altar rubimos,  
e despois de pracer rimos  
cospíndolle ô corazón;


Nós, que vamos en bandadas  
recibir... un *forasteiro*,  
con bombas riales primeiro  
y-os tres días, a pedradas;

Nós, qu'andamos a cachetes  
por servir ôs nosos *amos*,  
y-a hixuela enteira gastamos  
en eleuciós y-en foguetes;

Nós, patás de gaita e fol,  
qu'ôs La Sagra esquecemos,  
e nin xiquera sabemos  
que nasciches n-o Ferrol;


Nós... ¿qué ch'import'o brutal  
desdén d'unha terra fatua,  
si tés, n-o teu nome, estatua  
de tamaño colosal?






\*  
\* \*

¿Cándo te fas anarquista  
petrucio, e tiras co-a grade?  
Tí, con soilo que che pete,  
sin fosiles e sin sangue,  
podes ser, cando tí queiras,  
moito máis que Bonaparte;  
e non nacesitas pólvora  
pra cunquistal-as Pirámides.  
Abonda con que te deites  
n-a terra e que non traballes;  
abonda con que non podes,  
abonda con que non caves,  
con que non collal-os frutos  
e, mau sobre mau, te pares.  
Tí podes á sociedadá  
poñerlle sitio por fame...  
¿Cóm'ha d'haber quen merende  
cando non haxa quen are?









Non cré en Dios por non tomarse  
o traballo de creer,  
e *cré*, en cambio, que si o sal  
s'esparrama n-os mantés,  
ou s'alguén fala de *cobras*  
non decindo *bichas* él,  
ha de virlle algún desastre  
n-aquel mes.

¡Lev'o demo si ch'o entendo!

De ter fe,  
é millor tela alá enriba,  
qu'ila ter  
n-unha silla que se volca  
ou n-un prato d'o revés.







O mor aldraxe qu'a algús  
homes pode facérselle,  
é decirlles, en voz alta,  
que son presos decentes.







## CARTA D'O PAI (1)

Cando veu o estafeteiro  
—¡ogallá n'houbese vido!—  
c'o papel, por ti esquirbido,  
tempo atrás, en Río Xaneiro;

Eu non che podó espricar  
cánton foi o noso loito,  
nin podó decirch'o moito  
que nos fixeches chorar.

«—Fillo, ven»—tua nay berraba,  
«ven ond'a nós, ven axiña;—»  
eu chorei, pero a velliña  
¡aquela sí que choraba!


Choraba... ¡xa non te chora!  
¡Morreu!... Non tardes en vir,  
qu'eu non che podó vivir  
sin muller nin fillo agora.

(1) Resposta á *Carta d'o fillo*. Véxase *Chorimas*, d'o autor,  
páx. 185.



Tan vello estou que, si vés,  
non me conoces, n-é engano;  
sempre ch'estou n-este escano...  
¡xa non me teño n-os pes!

Ven logo, e xa qu'a tua nay  
non pudo outra vez te ver,  
¡non deixes, por Dios, morrer  
así, tan soilo, ô teu pai!






## ¡BEN FEITO!

Á SALVADOR CABEZA LEÓN

Acábannos vivos,  
nin pedras nos deixan,  
con todo arrabañan  
e todo nos levan.  
Os homes, pr'âs quintas,  
os cartos pr'â reina,  
pr'ô rei, pr'as infantas,  
pra tías y-abuelas,  
pra tropa, pra bispos,  
pra marimorenas,  
pra cen embaixadas,  
pra cen comenencias.  
¡Si eiquí hastr'òs *reutiles*  
mantén a Facenda!  
¡Qu'ó digan os fondos  
d'as caixas sacretas!  
Y-en pago, pau limpo,  
trallazo e cadeas.  
Pr'abrir unha calle  
pedimos lisencia





â corte, qu'âs veces,  
 lisencia nos nega;  
 premiso d'a corte  
 pr'abrir carreteiras;  
 premiso, si un pobo  
 catorce pesetas  
 d'as *suas*, sinala  
 pr'un gasto calquera;  
 premiso, si queres  
 mover unha perna,  
 premiso, si toses,  
 premiso, s'enfermas...  
 ¡E din qu'acabaron  
 os servos d'a greba!

Alá, moito luxo,  
 alá moit'enchenta;  
 e nós, con... tres varas  
 eiquí de vías-ferras.

Dispoñen d'os vivos  
 y-ôs mortos gobernan.  
 N-o Con, â veiriña  
 d'as prayas viguesas,  
 os hosos tiñamos  
 d'a groria gallega  
 máis pura e máis limpa  
 d'as grorias modernas.  
 ¿Quén era? Un marino  
 que soilo n-a guerra  
 lociu os bordados



d'as suas charreteiras;  
un Doria, un Churruca,  
un héroe d'a Grecia;  
un home sin tacha,  
sin unha xiquera,  
honrado entr'as olas  
y honrado n-a terra;  
Catón, que con ferro,  
blindou a conciencia,  
y-en charcos d'enfama  
non quixo metela;  
aque! Méndez Núñez  
gallego, qu'a testa  
cobriulle de froles  
América enteira!

N-o Con repousaba  
d'as loitas o atleta.  
Viñeron un día,  
volcaron as pedras,  
colleron os hosos,  
y-a coba valeira  
quedou, sin que nadie  
fixese protesta.  
¡Que tí, miña patria,  
só sirves pra serva,  
pra ruín estropaxo,  
pra vil *cinicienta!*








\*  
\* \*

Ti xa tiñas deprendido  
qu'os loitos con pan son menos;  
por eso, ô quedar viüda,  
casáchete c'un forneiro.







\*  
\* \*


¡A Cuba!, dinll'os menistros  
ôos labregos;  
¡a Cuba!, que nós pagamos  
pasaxes ôos pasaxeiros;  
¡a Cuba!, a aduanar n-as zafras  
d'os *inxenios*;  
¡a Cuba!, qu'alí podedes  
facer pesos;  
¡a Cuba!, qu'os brancos vayan  
sel-os negros...

Non vos fiedes de *ganchos*  
trapaceiros;  
quedádevos en Galicia  
meus gallegos;  
e si queren que lles anden  
c'o pelexo,  
que vayan facel-o zucre...  
os señores d'o *Goberno*.

¡C'os bois con que nós aramos  
xa o sabemos!








## ¡GALICIA! ¡GALICIA!

Á ALFREDO BRAÑAS MENÉNDEZ

Non fixeron falta riadas,  
nin trebós, nin arroyadas,  
pra vos pór com'a Consuegra,  
aldeiñas encantadas  
que, n-as chouzas destelladas,  
tendes presa á peste negra.

Non caíron as tuas frores  
entr'os tristes esprandores  
d'os relampos, n-a corrente;  
nin murcharon os teus cores  
ô brüar, ameazadores,  
os resollos d'o torrente...


Rexas garras t'apreixaron,  
rexos ventos envolcaron  
o teu trono secular;  
ruís Herodes t'encravaron,  
ruís xudíos te mataron...  
¿Non te pensas tí vengar?





Pra vengarte d'ese encono  
d'os verdugos, sai d'o sono,  
y-o que fuches volve ser;  
faite grande e rub'ô trono,  
xa que tés, n-o teu abono,  
teu mirífeco valer.


D'os teus montes as cascadas  
forzas danche ben sobradas  
pra que rodes o motor;  
y-as tuas campas soleadas  
tenas sempre coroadas  
pol-o fumo d'o vapor...





\*  
\* \*

Non quero nunca ter máis  
d'o pouco qu'agora teño:  
catro libros, unha pruma,  
y-estes nenos  
que, si se m'engurra a frente,  
desengúrnanma c'os beizos.






\*  
\* \*

Non sei rir, y-anque non rí  
gústam'ouir risoutadas,  
qu'eu tampouco sei voar  
e sinto envexa d'as aguias,  
e quixera ser com'elas,  
e ter alas!

¡Cánto dera por poder  
saber rir, e rir de ganas,  
e non ter que finxir risa  
cando non se rí a miñ'alma,  
encollendo, diant'a xente,  
estes músculos d'a cara...









\*  
\* \*

Tiñas un, e xa tés catro,  
je tel-o marido en Cuba!  
¿Qué dirá, cando che volva,  
e ch'atop'eiquí esta *incrusa*?








\*  
\* \*

Cand'o vexo, de xinollos,  
co-as maus dereitas, rezando  
— con máis culpas n-a concencia  
que vermes n-un camposanto, —  
diant'o altar, onde Xesús  
dend'a cruz, estend'os brazos,  
paresce qu'o Cristo dice  
¡qu'inda o están crucificando!











\*  
\* \*

Fas ben; c'os dentes de nacre  
d'a tua noiva,  
e con cantarll'âs bubelas  
ô s reiseñores y-âs pombas,  
xa tel-o ceo ganado  
e rubida tod'a costa.  
Habend'estrelas, e frores,  
e mulleres... ¡vaiche boa!  
veñ'amor, e veña viño,  
mau âs cordas,  
y-a chorar, co-a lira ô hombreiro,  
xunt'ôs pes de *Doña Aldonza*,  
que... ¡quén sabe  
si será algunha pindonga!







¡VIV'A TROULA! (1)

'O MAYESTRO CHANÉ

I

Vinde pitas  
ô puleiro,  
qu'é Xaneiro  
e vai nevar;  
vinde nenas  
ô fiadeiro,  
qu'o gaiteiro  
x'est'alá...

Faceremos  
un magosto,  
y-eu aposto  
qu'ha d'haber,  
máis qu'avésporas  
n'Agosto,  
peros, mosto,  
pan e mel.

Ide nenas  
pol-as rocas,  
qu'eu dez mocas

(1) Letra pra un coro orfeyónico.



xa collín;  
si non ides  
non hay crocas;  
mazarocas...  
¡eso sí!

Ben gramata  
queimaremos;  
bailaremos  
hastr'o sol;  
e, c'o liño  
que fiemos,  
teceremos  
lenzo bó.

Anda o gato  
n-o tellado,  
rabechado  
com'un can.  
¿Non sentides?  
Cundanado,  
¡qu'enrabiado!  
dí, ¡miau!

Canta o grilo,  
berra a cruxa,  
mont'a bruxa  
n-o castrón;  
e, n-a horta  
d'a Catuxa,  
x'aturuxa  
o reiseñol.




Vinde mozas  
en parexa,  
qu'alomexa  
xa o candil;  
e xa o galo  
cacarexa,  
y-a Castrexa  
quer durmir.

Ladra o bicho  
n-o palleiro,  
y-o pandeiro  
sinto xá;  
vinde nenas  
ô fiadeiro,  
qu'é Xaneiro  
e vai nevar...

## II

Sentaivos  
a modo,  
qu'ín'hay  
pouca luz;  
coidado  
mociñas,  
coidado  
c'o cú.




¡Demos leven  
estes toxos!  
¡Cómo pican  
os marraus!  
Por un pouco  
non m'espeto  
catro espiñas  
n-a soá.

—¿Qué facedes  
laoeiros,  
bocas podres  
pra tocar?  
—¡And'a cera!  
—¡Chilr'a gaita!  
Castañolas,  
repicai.

—¡Mau âs conchas!  
—¡Pau n-os cestos!  
Darll'ôs testos  
y-ô tambor.  
—¡Fora estrigas!  
—¡Fora rocas!  
Ei van crocas  
n-ese fol...

Dall'ôs ferros  
rapaciño;  
pan e viño  
n'ha faltar;



y-algún coiro  
de touciño,  
c'o fuciño  
lamberás.

Veñan xotas  
e muiñeiras  
feiticeiras  
d'unha vez;  
qu'as rapazas  
d'as fiandeiras,  
n-as pandeiras  
baten ben.

— ¡Ard'o mundo!  
— ¡Viv'a rabia!  
(Seica o demo  
ven ahí;)  
— ¡Fora, todos!  
— ¡Veñan mocas!  
¡Asoprádelle  
ô candil.

¡Lev'o demo  
s'eses brutos  
os de Trelle  
non vos son!  
— ¡Viva Loiro!  
— ¡Xa está armada!  
— ¡Pau de firme!  
— ¡Pau de Dios!











\*  
\* \*

Xa pasa ben d'os cincoenta,  
anduvo sempr'en pulítica,  
e'n-ese tempo, mudouse  
trinta veces de camisa...  
¡Pois non me parece moito!  
Cualquera presoa limpa,  
—sin ser senador, nin nada—  
múdase cada dous días.







## ¡BEN TE VIN!

Á MARIANO DE CAVIA


### I

Craror de noite estrelada,  
e, n-o paisaxe, esas tintas  
de luz, triste y-esmayada,  
que, n-os arbres e n-as quintas,  
pon, surríndose, a alborada.

Galoupa o tren, y-asobía,  
e, pol-as veigas voando,  
hipógrifo ou cotrolía,  
vai ô voar desmadeixando  
moxenas d'ouro n-a vía...

### II

En retorto calexón  
de taludes nos meteron;  
saímos d'unh'estación,  
e, de súpeto... escorreron  
os ánxeles un telón.



'O fondo, un faro alcendido,  
y-entre guirnalda d'estrelas  
aprisionado e collido,  
o mar, coberto de velas,  
y-a perna solta tendido...

Ceo azul, e pouca bruma;  
lonxe, as crestas d'a Marola;  
unha praya que s'esfuma...  
¡e moita nave española  
bambaneándose n-a escuma!

## III

Cando te fun visitar,  
vend'a miñ'alma suxeta  
â hermosura d'o teu mar,  
díxome Dios: ¡canta, poeta!  
¡e chorei... pra te cantar!

Chorei, qu'eu non sabería  
—¡e san Pedro non m'escoite!,—  
d'escoller, qu'escollería,  
¡s'entrar n-a Cruña de noite  
ou entrar n-o ceo de día!






\*  
\* \*

Luz e sombra, noite e día  
fror e lama, demo e ánxel;  
volvoreta, busca luz,  
tigre, sangue.  
Qu'ó mal y-o ben, ceo e terra,  
anque nemigos mortales,  
van xuntos n-o noso espírito,  
van xuntos n-a nosa carne.

¡Tamén o cravel n-o esterco,  
o bermello cáliz abre,  
y-ás veces s'ergue unh'airexe  
veira a veira d'unha cárcer!








## DE GUSTOS...

Non s'apuren, nin se maten,  
non é así:  
nin *Ponteáreas*, *Ponteareas*,  
nin *Mondáriz*, *Mondariz*.  
Si c'o acento que lles poñen  
son máis *chic*,  
e lles fan os nosos pobos  
máis *tilín*,  
ôs *spormants*, ôs *reporters*  
y-ôs *dandys*,  
e lles sonan máis a *estranxis*  
qu'ô d'eiquí,  
poñan comas a barullo  
que, por min,  
leve o diaño si m'importa  
que Madrid,  
sexa *Mádrid*, e que *Paris*  
lle chamemos a París.  
Si por ser, dend'hoxe, *Verin*  
lle baixasen a Verín  
os trabucos, e por Méllid,  
ll'os baixasen a Mellid,  
non quedaban en Galicia  
con acento sobr'as *is*,  
Crispín que non fose *Crispin*,  
nin un soilo Serafín.










## T Í

Casta com'a luz, com'a luz pura,  
e, com'a luz tamén, esprendorosa,  
inda pode que foses máis hermosa  
si non tiveses xa tanta hermosura.

Non cabe, n-ollos negros, máis negrura,  
e, náyade ou muller, sílfide ou diosa,  
con dous pétalos soilos d'unha rosa  
tés pra darlle tres voltas â cintura.

Si a Pradilla quixeras ver n-un brete,  
e fuxir, *fú* facendo, com'o gato  
qu'en aceite rustrido as patas mete;  
encárgalle que faga o teu retrato,  
e verás cómo creba o cabalete,  
e se queda, ô mirarte, turulato.








\*  
\* \*

Luisa Michel, vas ás xuntas  
pedricarll'ôs anarquistas;  
literata, pós escola;  
doutora, fozas n-a crínica.  
Vas d'a tribunia ô taller  
e, dend'a academia, â mina,  
y-en canto, d'o lar che furtan  
a roupa branca y-as fillas...








\*  
\* \*


Fois'o tambor co-a monteira  
y-a moca marchou co-a gaita,  
e viñeron, c'o chapeu,  
o asesino y-a navalla...


Onte, c'o gaiteiro, as festas  
festiñas d'a miña patria,  
que nunca, con sangue, o polvo  
d'o torreiro ensanguentaban;  
y-ahora, a salvaxe iliorta  
d'as kabilas d'a montaña,  
que se citan n-as romaxes  
pra se dar de puñaladas.

Anda de boina o petrucio  
y-o fillo en framenco fala,  
y-a moza, de pelo en peito,  
bota ¡olés! com'en Triana.  
Por eso marchou a moca  
de Galicia, e veu a *faca*.

¡Esta España, *fin de siècle*,  
está ben enchulapada!








\*  
\* \*

Millor qu'eses trovadores  
de musa risoña ou tétrica,  
cantan endeitas d'amores  
os arpados reiseñores,  
je non saben... *arte métrica!*










## iii QUÉ SUSTO!!!

Anque petei agustiño,  
sentíume tua nay petar...  
¡Qué medo collín n-a horta  
e cómo ladraba o can!  
'O fuxir, ¿ves estas cruces?  
vin, debaixo d'o parral,  
un civil e dous difuntos  
concruido de cear.  
Ollarme o civil, erguerse,  
e facerme así, co-a mau,  
pra turrarme pol-a faixa,  
y-eu ganar  
unha volta, e d'a escaleira  
ir, d'un chouto, dar ô chau,  
en menos d'o que ch'o digo  
pasou, cóntoch'a verdá.  
Despois, pes pra que vos quero,  
ôs catro pes, sin parar,  
corrend'a campo travesa  
car'ôs castros de Peizás,  
com'o zorro qu'ô puleiro  
pita ou galo foi furtar,  
pol-os millos, pol-as touzas,



pol-o monte, pol-o val,  
abantand'acó un portelo  
y-outro alá,  
él, co-a punta d'a baoneta  
por atrás,  
y-eu berrando: ¡que me furan!  
non sei ónde fumos dar.


¡Benia ô pozo onde tí lavas  
y-onde regas pol-o vrau!  
¡Cataprún!, brinco por riba  
y-ô civil non-o vin máis.  
Si o teu pozo non me salva,  
¡qué furadela me fai!






## RISUM...

Anda de chalán de votos  
malmercando e malvendendo  
por pulpadas e por viño  
os sufraxios d'os famentos;  
e dí, despois, cheo d'orgulo,  
diant'un Cristo e dous maceiros  
(que poden estar ben fartos,  
un n-a cruz y-os outros dreitos,  
d'ouir... chover), qu'él é o *pobo*  
en carne y-hoso e pelexo.







## CARA E CRUZ

Á RAMÓN FERNÁNDEZ CID


Us, con ostras e salmós,  
outros, con pan e mariñas,  
ô que troux'a democracia  
ô mundo, danll'a benvida.  
E barro n-as casas probes  
o qu'ouro e prata n-as ricas,  
y-aspra estopa n-as aldeas  
o qu'é damasco n-as vilas.  
Fror d'o grau n-as casas grandes  
o que, n-as probes, é bica,  
e zumo d'o Rhin n-os pazos  
a purrela campesina.  
N-o canto d'as colifrores  
unhas poucas chirouvías,  
e por besugos, xurelos,  
e por lengoados, sardiñas.  
Y-en vez d'as roxas granadas  
e d'as áureas mandarinas,  
d'os turxentes moscateles,  
d'os prátanos e d'as piñas,  
—primaveira que renasce  
n-o máis crúo d'a invernia,




y-amostra n-os seus coores  
 e trai n-o manto escolpidas  
 as sinales d'as apertas  
 y-as cicatrís d'as caricias  
 d'o sol de Cuba e d'o aire  
 d'os verxés d'Andalucía;—  
 castañas crocas con leite,  
 media ducia de rusquillas,  
 e unha ronda de resóleo  
 ben rondada e ben bebida.

¡Eu non sei s'alá sembrantes  
 qu'anubra a malenconía,  
 si corazós tempestosos  
 ond'as ambiciós se trigan,  
 e frentes ond'o pesar  
 pon engurras e fai ringlas!  
 Eiquí, non. N-as casas probes,  
 xunt'ô lar d'estas cucíñas,  
 â luz d'o candil qu'encolga  
 d'as gramalleiras negrizas,  
 santa paz houbo n-a cea,  
     y-as sardiñas,  
 sinón con *Chateau Lafitte*,  
 regáronse con legría.


¡Quén lles dera a moitas casas  
 grandes, ser pequerrechíñas!






## ¡DEMOS CH'O LEVEN!

Embarreime pol-a porta,  
y-o cadelo d'o teu pai,  
si non lle chimpo unha perna,  
meréndachem'unha mau;  
y-home toco... tí xa sabes  
qu'home toco pouco val.









## ¡MOITO OLLO!

Vas c'o fol, e vas ô muíño  
moer centeo...  
Con coidado—que ch'é fondo—  
pasa o rego;  
e si cás, anque relouques,  
non ves limpos de bulleiro  
nin-o dengue, nin-a saya,  
nin-o pano, ni-o mantelo,  
qu'eu ben sei o que son nenas  
e muiñeiros,  
e de muíños e de foles  
algo entendo,  
pois tamén tuven müíno  
n-outros tempos...  
Vai con modo, non esbares,  
aporveit'o meu consello,  
qu'â veiriña d'os regatos  
sole haber *martis-peixeiros*...  
¡y-ogallá que non me volvas  
sin fariña e con farelos!









\*  
\* \*

Non sei cal e mais traidor:  
si o punal d'o que calunia,  
si o punal d'o qu'asesina  
ou o punal d'o qu'adula...









\*  
\* \*

Ou por bastos, ou por copas,  
hox'a lei--mal carceleiro—  
solta ô que rouba diñeiro  
e prende ô que rouba fopas...







## DINANTES

Hei de facer arcebispos  
ôos ecónomos,  
pór un riló en cad'airexe  
e dotar a cada pobo  
d'un xardín com'o Retiro,  
d'un hipódromo,  
d'un brazo de mar, e d'unha  
ou duas prazas de touros...  
Hei baixarvos os trabucos  
o tabaco, os sellos, todo,  
y-hei facer que navegedes  
n-un río de prata y-ouro.  
Eso digo, y-eso cumpro,  
y-a cruz poño.  
Trato feito;  
veña o voto...

## DESPOIS

—Señor, que caíu a ponte!  
—Nos vos oyo.  
—Que nos ruben os consumos!  
—Eu ben como.



—Que descargou un pedrazo!

—Sigo xordo.

—Que nos vamos pr'o Brasil!

—É bó acordo.

—Que de fame nos morremos!

—Morren moitos.

—Van embargarnos as terras!

—Non-o aprobo.

—¿Non s'acorda d'o que dixo?

—Vaich'en Conxo.

Pra rubir sempre s'ofrece

ouro e mouro;

despois de rubir, un xuco

â escada; así fan os outros;

y-os pais da patria, ô congreso,

y-os eleutores ô... corno.








A...

Fumos xuntos a pescar;  
eu pesquei un calamar,  
tí pescaches un xurel...  
¡Sempre fas o peor papel  
en terra firme e n-o mar!








\*  
\* \*

Cando roces aquel monte  
non lle toques a aquel arbre,  
que, pra min, fixo de ceo  
seu ramaxe,  
unha noite... D'estas cousas  
probe vello ¿ti qué sabes?








\*  
\* \*

Verdaguer, en Cataluña,  
Teodor Llorente, en Valencia,  
Manuel Curros, en Galicia;  
tres rexiós en tres poetas,  
tres parnasos en tres libros,  
tres coroas en tres testas,  
e, n-unha patria moi grande,  
tres patrias que non-a negan:  
jo solar d'os *almogábares*,  
d'as *xermanías* a terra,  
y-o pobo n-o que caíu  
*Porlier* pol-a independenza!

¿Non son ben dinal-as tres  
de falar n-a propia léngua,  
e de qu'o león castellano  
non-as mire con xenreira?  
N'hay idioma n-a provincia  
que frases a bau non teña  
pra cantar, en rimas d'ouro,  
as hispánicas grandezas;  
nin bandeiras rexionales  
que, n-a guerra,  
non premitan qu'a d'España  
vaya sempre n-a dianteira.









\*  
\* \*

Coidabas librarte asina  
d'aquel recordo sinestro,  
d'aquel sombrizo pecado,  
d'aquel pantasma sangrento...  
Tomache pasaxe a bordo,  
puxech'o mar pol-o medio,  
y-ô chegar ô fin d'o mundo,  
d'horribres terrores preso,  
viche... ¡que desembarcaban  
contigo os remordementos!











\*  
\* \*

Haiche amigos de duas crases,  
y-eu non sei si máis sinceiros  
son os que van â tua boda,  
qu'os que van ô teu enterro;  
us, pra che comel-os dulces,  
outros, pra pisarch'os sesos...








\*  
\* \*

'As veces penso en risoñas  
y-esprendentes lembranzas,  
e choro de gozo ô ver  
que da o sol dentro d'a alma...  
'As veces penso en tristuras  
qu'o corazón m'atarazan,  
y-as que vertín de legría  
dulces bágoas,  
vólvense d'esas acedas  
que deixan a pel queimada...









\*  
\* \*

Sempre falando d'a *honra*  
d'a *toga* está, quen, n-a feira,  
é capaz de posturala  
ô que máis lle dé por ela.  
Non hay dinidá que cubra  
por ser crás, â cras'enteira;  
unha toga soilo é honrada  
cando... é honrado quen a leva.







## ÍNDICE

|  | Páxinas |
|--|---------|
| 'Os meus. . . . .                                | 3       |
| ¡Benito Losada! . . . . .                        | 5       |
| ¡Eiquí! . . . . .                                | 9       |
| Tarxeta postal. . . . .                          | 11      |
| Cando loites, frent'a frente. . . . .            | 15      |
| D'o ceo â lama. . . . .                          | 17      |
| Cada ola que, n-as bordas. . . . .               | 19      |
| ¡Ala, xá! . . . . .                              | 21      |
| Dende lonxe. . . . .                             | 27      |
| S'as ilusiós y-as espranzas. . . . .             | 29      |
| Queira Dios qu'os que te berran. . . . .         | 31      |
| 'O poeta portugués Guerra Junqueiro. . . . .     | 33      |
| Mensaxe. . . . .                                 | 37      |
| Porque rubises â torre. . . . .                  | 39      |
| Murch'o campo, o ceo sombrizo. . . . .           | 41      |
| Vírono gatexar pol-a montaña. . . . .            | 43      |
| Diant'una botella d' «Auga de Mondariz». . . . . | 45      |
| Si será maxeza a tua. . . . .                    | 49      |
| Eu non sei ónde caíron. . . . .                  | 51      |
| Inverno. . . . .                                 | 53      |
| C'o ese mal, non lle des voltas. . . . .         | 55      |
| 'O meu paisano o pintor Parada Justel. . . . .   | 57      |
| Trinta casas, ¡y-eso vellas! . . . . .           | 59      |
| Non veñas choromiscando. . . . .                 | 61      |
| Xa lles tece coroas ôs seus fillos. . . . .      | 63      |
| ¡Pacencia! . . . . .                             | 65      |
| Ou non volvas â emparrada. . . . .               | 67      |
| Mancha de coor. . . . .                          | 69      |




|   | Páxinas |
|---|---------|
| 'O monte Don Nuño vou.. . . . .           | 71      |
| Non sei rir, y-anque non río. . . . .     | 75      |
| Tiñas un, e xa tés catro.. . . . .        | 77      |
| Cand'o vexo, de xinollos.. . . . .        | 79      |
| Fas ben; c'os dentes de nacre. . . . .    | 81      |
| ¡Viv'a troula! . . . . .                  | 83      |
| Xa pasa ben d'os cincoenta.. . . . .      | 89      |
| ¡Ben te vin! . . . . .                    | 91      |
| Luz e somba, noite e día. . . . .         | 93      |
| De gustos... . . . .                      | 95      |
| Tí. . . . .                               | 97      |
| Luisa Michel, vas ás xuntas. . . . .      | 99      |
| Fois'o tambor co-a monteira. . . . .      | 101     |
| Millor qu'eses trovadores. . . . .        | 103     |
| ¡¡¡Qué susto!!! . . . . .                 | 105     |
| Risum... . . . .                          | 107     |
| Cara e cruz. . . . .                      | 109     |
| ¡Demos ch'o leven! . . . . .              | 111     |
| ¡Moito ollo! . . . . .                    | 113     |
| Quen s'empena n-esas loitas. . . . .      | 115     |
| Sanm'os cores ás meixelas. . . . .        | 117     |
| ¡Non chores! ¡Choraches onte. . . . .     | 119     |
| ¡Menten! . . . . .                        | 121     |
| A libertá enferrollada.. . . . .          | 123     |
| Ind'onte era a gala.. . . . .             | 125     |
| Fíxome rir aquel crego. . . . .           | 127     |
| Non teñas celos de min. . . . .           | 129     |
| A Concepción Arenal. . . . .              | 131     |
| ¡Cándo te fas anarquista.. . . . .        | 133     |
| Non cré en Dios por non tomarse.. . . . . | 135     |
| O mor aldraxe qu'a algús. . . . .         | 137     |
| Carta d'o pai.. . . . .                   | 139     |
| ¡Ben feito! . . . . .                     | 141     |
| Ti xá tiñas deprendido. . . . .           | 145     |
| ¡A Cuba!—dinll'os ministros. . . . .      | 147     |
| ¡Galicia! ¡Galicia!. . . . .              | 149     |
| Non quero nunca ter máis. . . . .         | 151     |
| Non sei cá é máis traidor. . . . .        | 153     |
| Ou por bastos ou por copas. . . . .       | 155     |





Páxinas

|                                      |     |
|--------------------------------------|-----|
| Dinantes.—Dempois. . . . .           | 157 |
| Fumos xuntos a pescar. . . . .       | 159 |
| Cando roces aquel monte. . . . .     | 161 |
| Verdaguer, en Cataluña. . . . .      | 163 |
| Coidabas librate asina. . . . .      | 165 |
| Haich'amigos de duas crases. . . . . | 167 |
| 'As veces penso en risoñas. . . . .  | 169 |
| Sempre falando d'a honra. . . . .    | 171 |





Precio: 3,50 pesetas

LIBROS DEL AUTOR

- Garcilaso de la Vega y sus obras* (agotado).  
*Luchar por la patria*, cuadro dramático (agotado).  
*Gritos del alma*, poesías en castellano (agotado).  
*Volvoretas*, poesías en gallego (agotado).  
*Chorimas*, poesías en gallego; 3 pesetas.  
*Leenda de gloria*, poema gallego; 2.<sup>a</sup> edición, 2 pesetas.  
*Follas de papel*, poesías en gallego; 3,50 pesetas.

PRÓXIMOS Á PUBLICARSE

- Escumas*, poesías en gallego; 4 pesetas.  
*Volvoretas*, 2.<sup>a</sup> edición aumentada; 4 pesetas.

EN PREPARACIÓN

- Verdes e maduras*, poesías en gallego.

Hállanse de venta en las librerías de *Fe*, Carrera de San Jerónimo, 2, Madrid; de *Miranda*, Plaza mayor y Paz, 5, Orense; de *Carré*, Luchana, 16, La Coruña, y de *Krapf*, Príncipe, 37, Vigo.

CORRESPONSALES EN AMÉRICA

Julio Rivadulla, Contreras, 194, Matanzas (Cuba).

Luis Adolfo P. Bimall, Santiago del Estero (República Argentina).



# BIBLIOTECA GALLEGA

## OBRAS PUBLICADAS

- Los Precursores*, por M. Murguía.  
*Aires d'a miña terra*, 3.<sup>a</sup> edición, M. Curros.  
*El idioma gallego*, A. de la Iglesia: 3 tomos.  
*Soaces d'un vello*, B. Losada.  
*Queixumes dos pinos*, E. Pondal.  
*Historia crítica de la literatura gallega*, Augusto G. Besada: 10 volúmenes I y II.  
*Varones ilustres de Galicia*, J. Pardiñas.  
*Romancero de Galicia*, V. Novo.  
*Elogio del P. M. Feijóo*, M. Macías y García.  
*La Campaña de Ultramar*, (novelas) A. Ribalta.  
*La propiedad foral en Galicia*, E. Vincenti.  
*Ocios de Camarote*, J. de Arévalo.  
*Estudios sobre Galicia*, L. de Saralegui.  
*Poesías selectas*, J. M. Posada.  
*Caldo Gallego*, J. Neira Cancela.  
*Poesías Gallegas y Castellanas*, F. Añón.  
*El cerco de la Coruña en 1589, y Mayor Fernández Pita*: A. Martínez Salazar.  
*Artículos y Novelas*, J. Rodríguez Seoane.  
*El mundo rural*, J. Ogea.  
*Chorimas*, A. García Ferreiro.  
*Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*, L. Barreiro.  
*Sucesos militares de Galicia en 1809*, M. García del Barrio.  
*Cousas d'a aldea*, Aureliano J. Pereira.  
*Leyendas y tradiciones de Galicia*, L. Cid.  
*Ecos de mi patria*, Waldo A. Insua.  
*Rimas*, J. Barcia Caballero.

## EN PRENSA

- Los Guerrilleros gallegos de 1809*, relaciones y cartas publicadas en dicho año y en el siguiente por D. Manuel Pardo de Andrade, con un prólogo de A. Martínez Salazar.

## EN PREPARACIÓN

- Primicias*, por D. Salvador Cabeza León.

El precio de cada volumen es el de **2 pesetas** para los suscriptores desde el 1.<sup>o</sup>, y el de **3** para los que no lo sean. Los pedidos, acompañados de libranza ó letra de fácil cobro, deberán dirigirse á **D. Andrés Martínez.—La Coruña**.

Los señores suscriptores á la *Biblioteca gallega* tienen derecho á recibir gratuitamente los siguientes libros:

- Menestra de tipos populares de Galicia*, dibujados por Guisasaola.  
*Contiños*, por D. Benito Losada.  
*Foguetes*, por D. José Pérez Ballesteros.  
*Brujos y Astrólogos de Galicia*, por D. B. Barreiro de V. V.  
*Confidencias*, por D. Luis Pardo.

